

E porque na nosa terra o que enriquece a condición de seu, ten que ser visto con desprezo polas mentes obtusas que non ven máis alá de todo aquilo que non consideren pragmático?

Se un é consciente da inmensa riqueza da cultura do seu pobo, que o identifica como unha realidade diferente, dunha lingua que representa a esencia dunha nación orgullosa de chamarse Galicia, que mira de fronte ao resto de pobos irmáns do Estado, sabendo que o seu feito diferencial, non pode ser máis que unha achega positiva, e nunca un elemento de enfrontamento, non pode máis que achegar o seu ínfimo grao de area, para que ese orgullo se poida traducir en realidade palpable, transmisíble as próximas xeracións de galegos, que terán a obriga moral de situaren a súa terra, a nosa terra, en pé de igualdade cos pobos máis desenvolvidos de Europa, tamén no eido cultural-identitario.

Como di o himno de Pondal, “os bos e xenerosos a nosa voz entenden”, mais a obriga desta caste de galegos orgullosos da súa lingua nai, é poñer sólidos alicerces para que os que veñan, consideren normal o que agora se ve como excepcional. E que esa maioría silenciosa que contempla con perplexidade, como algúns intentan arrincar do seu contorno vital a lingua de comunicación existencial que falaban sen complexos os seus pais e os seus avós, non sexa levada ao “limbo dos xustos”, polos “imbéciles e escuros” que non nos entenden, non...

Sempre en Galicia, nosa nai e nosa señora, sempre en galego.

Rafael Cuíña
Empresario

DO GALEGO